


A PUBLICACIÓN DE “AQUELES ANOS DO MONCHO”, DE XOSÉ NEIRA VILAS, REVIVE A NOSA MEMORIA DO MUNDO RURAL.



A publicación gora de *Aqueles anos de Moncho*, en Galaxia, ofrécenos unha visión doméstica de como foi a Guerra Civil nunha aldea de Galicia. Moncho lembra a Balbino, o gran personaxe de Neira Vilas.

“Moncho non é Balbino, porque vai máis atrás. Balbino é un personaxe da posguerra que, eu creo, representa moi ben o seu tempo. Ademais Moncho non fala en primeira persoa. Tratábase de reflectir os ecos da Guerra civil, porque son os ecos o que nós tivemos alí. Hai moitos elementos autobiográficos, como os hai en *Cartas a Lelo*. A sustancia desta novela é xustamente o pequeno. As pequenas cousas son as que nos constrúen, é o que me gusta contar. É a nosa vida cotiá. Eu son de aldea. Para min, era necesario describir como era a xente de aldea, como era naquel momento. E iso é a memoria, finalmente. Creo que non hai unha novelística rural galega propiamente dita que o conte”, sinala Neira Vilas.

“É un libro que cumpre agora corenta anos porque foi escrito na Habana en 1975”.